

FONOTECA



No ordenador número sete da biblio temos seleccionada unha enorme variedade de música de todos os estilos. Basta que premades no icono Tajuk ou música da biblioteca e así acceder a todos os arquivos. Se tendes peticións ou comentarios podédelas deixar no arquivo de suxerencias.

Que o disfrutedes!!!

FONDOS. Para facilitar a busca de fondos, estamos comenzando a revisar e correxir todas as fichas dos libros que temos fichados na nosa biblio (uns 10,000 rexistros).

MESA REDONDA CON XORNALISTAS. Con motivo da semana da prensa organizáronse distintas actividades. A máis salientable foi a mesa redonda día 20 de marzo na que participaron os alumnos e alumnas de 1º Bach. Tecnolóxico. Unha periodista de Atlántico Diario, un periodista de La Voz de Galicia e outro do Faro de Vigo, reflexionaron sobre o oficio de xornalista e sobre a influencia das novas tecnoloxías no xornalismo e na sociedade.

NOVO MOBILIARIO. Neste trimestre temos previsto ampliar a zona de lectura informal con máis butacas. Ademais, reorganizaremos con novas estanterías os fondos de literatura xuvenil.

OBRADOIRO DE COMPRENSIÓN ESCRITA: dirixidos aos cursos de 1º, 2º e 3º ESO fixemos unha serie de actividades en grupos destiñadas a mellorar a comprensión lectora do alumnado.

PROXECTO MULTIDISCIPLINAR DA BIBLIO 4º ESO: AS MÚSICAS QUE VIÑERON DO ATLÁNTICO: O JAZZ. Comenzamos o noso proxecto multidisciplinar cunha introducción histórica sobre a escravitude realizada e presentada na biblio polo alumnado de 4º de PDC, dirixidos por Margarita. A continuación proxectamos a película de Amistad de Steven Spielberg, e seguimos cunha busca documental que abrangue desde as orixes do jazz ata os nosos días. A presentación final do proxecto tera lugar a principios de xuño.


bibliofloriani.blogspot.com



IES PEDRO FLORIANI

BOLETIN DA BIBLIO

PRIMAVERA 2012



" Cando se xoga o obxectivo é gañar, pero o importante é o obxectivo, non gañar."

Reiner Knizia



MAR TRIVIAL

FLORIANI

O XOGO DE TOD@S

1. TRÁTASE DUNHA GINKANA CULTURAL NA QUE TODO O ALUMNADO, PROFESORADO E PERSOAL NON DOCENTE ESTAN CHAMADOS A PARTICIPAR.

2. O XOGO CELEBRARASE DO 10 DE ABRIL AO 1 DE XUÑO ÁMBOLOS DOUS INCLUIDOS.

3. TRÁTASE DE CONTESTAR CORRECTAMENTE ÁS PREGUNTAS RELACIONADAS CO PROXECTO DA BIBLIOTECA: O MAR

4. CADA SEMANA FORMULARANSE DÚAS PREGUNTAS DE DIFERENTES ÁMBITOS. ESTAS FARANSE PÚBLICAS NOS TABOLEIROS E NO PROXECTOR DO VESTÍBULO DO CENTRO.

5. AS RESPOSTAS DEBERÁN SER ESCRITAS NAS PAPELETAS DISPOSTAS PARA TAL CON TODOS OS DATOS DA PERSOA QUE REMITE RESPOSTA.

6. AS PAPELETAS DEPOSITARÁNSE NA URNA DO MAR ESPECIALMENTE CONCEBIDA PARA A OCASIÓN.

7. CADA SEMANA PUBLICARANSE @S GAÑADOR@S E O NÚMERO DE PUNTOS ACADADOS. NO MES DE XUÑO FARASE UN COMPUTO FINAL COAS PERSOAS QUE MÁIS PUNTOS OBTIVERAN.

8. @S GAÑADOR@S RECIBIRÁN O GRAN PREMIO CON DIPLOMA INCLUIDO

ACTIVIDADES ABRIL

En abril temos previstas as seguintes actividades:

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ

Organizará un concurso de caricaturas de escritores que cada un de vós deberá adiviñar de que escritor se trata.

SEMANA DO LIBRO

Do 23 ao 27 de abril tod@s aqueles que queiran poderán ler fragmentos de lecturas relacionadas co mar. Anímádevos, teremos propostas apetecibles na biblio.

CLUB DE LECTURA

O luns 23 temos sesión co club. Nesta ocasión leremos *O estranxeiro* de Albert Camus. Se aínda non tedes o voso exemplar pasade pola biblio para collelo.

OBRADOIRO DE EXPRESIÓN ESCRITA



Na primeira semana de maio, organizaremos un obradoiro con actividades de expresión escrita .

Tocaremos tanto a narrativa, coo a poesía ou o teatro.